

CURSO: 1992/93.





Nº 12.

XACOBEO

93

1.º
2.º
3.º
4.º
5.º
6.º
7.º
8.º
9.º
10.º
11.º
12.º

PERPENTO.



PN TEVEDRA. A.

Marianela
D. C. S.

7°C

- Portada "XACOBEO 93": Marianela Casqueiro 7ºC
- Sumario "ESPERPENTO"
- EDITORIAL
- "MOQUI Y LOS NOCILLEROS" Historieta: Eduardo Fontanes
- "Día das letras galegas dedicado a Blanco Amor: 7ºA
- Frases Célebres: 8º
- "Os cesteiros" Irene González Alvarez 6ºB
- Los pequeños dibujantes del Camino de Santiago
- Os nosos cativos no Zoo da Madroa.
- Las Excursiones. 7ºB
- "A PROFESION EQUIVOCADA" Teatro 7ºB
- Test de reflexos mentais. 8ºC
- María Victoria Moreno. 7ºA
- Os campos do colexio. Historia con esperanza 8ºB
- Preescolar e terceiro disfrazanse no cole, co seu deseño propio.
- Pontevedra Club de Fútbol 7ºA
- Santiago, relato de una excursión. 7ºA
- Retazos dos debates de Formación Religiosa. 8ºB
- Ensalada colegial. los profesores y la tele. 7ºA
- COMIC: "Un día no campo" J. Romero 6ºA
- Entrevista a Doña Mª del Carmen Cortizo, nova profesora.
- Marea Negra.
- Defende a Natureza. René Valiñas Jar, 6ºC
- La tierra siempre limpia y verde, colabora: 5ºA y 5ºB
- Barquitos de papel. 4ºB, 5ºA
- Jugando en Londres. 7ºA
- La Casa Real Inglesa. Culebrón... 7ºC
- !!!El colegio se vuelve loco... y la tele también!!!.
- Adeus, exalumnas e os que salen este ano do cole.
- Pasatempos chistes. 5ºC, 3ºA y 2ºA
- Despedida: Alumnos de 8º que nos dejan.
- Recuerdo a Germán, nuestro anterior Director.
- Contraportada: Concurso de escudos del barrio de Campolongo.

Nos visitó el legendario montañista explorador, escritor, geógrafo, técnico en alpinismo, licenciado en Derecho y abogado del ilustre colegio de Madrid, licenciado en Ciencias de la Información, Diplomado por el Consejo de Europa en periodismo catastrófico. Ha dirigido las colecciones de viaje y aventura en las editoriales Doncel y Mondadori. Escribió entre otros: "Montañismo para todos", "Por los Techos del mundo", "Mi cuaderno del Himalaya", "Qué pasó en el Aconcagua", etc.

Fue una charla-coloquio apasionante, a pesar del defectuoso sonido.

PÉREZ DE
TUDELA
Y PÉREZ,
CESAR

Día das Letras Galegas

17 maio

1993



* EDUARDO BLANCO AMOR *

PERIODISMO

Desenvolou na Arxentina unha grande actividade periodística. Dirixiu a revista Céltyg. Fundou a revista A Terra. Foi correspondente do periódico da nación.

NARRATIVA

Destaca como un grande narrador. Fixo: en Galego, A esmorga (1959), Os bisbardos (1962) e Xente ao bruxe (1975).

VIDA

(Ourense, 1900 - Vigo, 1975)

De moi novo emigrou a Arxentina onde alcanzou unha cultura literaria pouco común. Tamén desempeñou un importante papel político e cultural de carácter galeguista. Tivo relacións con escritores españois da Xeneración do Vinteseite.

ENSAIO

Contribuíu en: Chile a vista, El Padre Feipo, Cantelas, etc.

POESÍA

Representa a súa produción poética na nosa lingua: Romances Galegos (1938), Poema en catro tempos (1931), Cancioneiro (1956), etc.

TEATRO

Como autor teatral escribiu, Farsas Teatrais (1953), Teatro pra Xente (1974) e A lebre das ánimas.

Jorge Arias, Jorge Allasa, Marcos Daverio, Iván Alonso 70 A

FRASES CELEBRES.

Nas clases de 8º, os pobres rapaces, escoitan verdadeira filosofía nestas intelectuais frases.

- PALABRAS TEXTUAIS -

Eduardo e os seus maravillosos chistes sempre son gratos como bos.

As clases de galego fanse interminables mentres os chistes duran, duran, duran...

Co encerado cheo de longas ecuacións, Mariquita exclama:

¡¡ Pero meu Deus, axo do ceo!! ¡ Carambass xaa! ¡ Húa que tendes rolo barato!

Suorosos e sedientos na clase de ximnasia, exóitase a voz do mestre atlético Luis:

¡¡ Acabouse a manteiga!! Vosteds..... ¡¡ Ninnnegativo!!!

Os alumnos que coas maravillosas explicacións perderon a noção do tempo, preguntanlle a Beatriz: Mestre, mestre, ¿ que día é hoxe? Ela responde resplandecente:

- 25 todo o día ata as 12 da noite, máis ata o 21 e Febreiro 28.....

¡ Pero Mariña!

Respúase Historia no ambiente, cando o Bala fai un descanso e explicanos o proceso da galiña choca e termina o seu discurso dicindo: ¡¡ Esto é unha coña!! ¡ Van a xodar cabezas! ¡ Profe malo, niño bueno!

E por fin, Ms Teresa chega dicindo, acelerada: ¡ Hola chicos! Con alegría pero el pasar 30 minutos; ¡ Non me traballades nada!

E como di Bala, temos catro kg. menos e unhas olleiras ata o chan, e inda por riba ¡ din que non traballamos nada?

Alumnas de 8º

EDITORIAL

EDITORIAL

Un ano máis presentamos ESPERPENTO, vehículo de expresión para nós, alumnas e alumnos de CAMPOLONGO. Nel queremos reflexar:

Un curso iniciado en precarias condicións polos destrozos sufridos ó longo do verán: cascallos, teitos caídos, material rompido, persianas arrincadas... e 7 millóns ó fondo público cargados.

Un curso iniciado con medidas de presión, cambio de horario e manifestacións para conseguir xornada única.

Un curso sen apenas patios, sen pistas polideportivas, con accesos convertidos en campo de xogo, con recreos sen poder tocar balón. ¿Comprendéde-la desgracia nosa?

Un curso con calefacción que só quentou a cabeza con ruídos, con calefacción cortada en zonas do colexio trocadas en neveira.

Un curso que despide a un dinámico grupo de 73 compañeiros que saben compaxina-la broma co traballo.

Un curso que despide a dous directores, que adicaron moitas horas a educarnos, a cambio de incomprensión ou indiferencia.

Un curso no que perdémo-la oportunidade de comparti-las actividades que nos gustan cos demais escolares da cidade. E todo por 64 votos que poden impoñer horario a 332, por unha inxusta Orde da Consellería de Educación.

Non creades, sen embargo, que foi un curso perdido ou aburrido. Traballamos arreo e divertímonos tamén: as páxinas que seguen queren ser pálida mostra.

Somos nenos, somos novos, optimistas e non perdémo-la esperanza. Confiamos en que algunhas das sombras enunciadas se esfumen en setembro, antes de que sexa demasiado tarde para nós.

Xuño, 1993



MOKY

y los Nocilleros

CON
NOCILLA
HACER
UN
CAMPEÓN
ES COSA
SÉNKI!!!



Eduardo Fontanes Portas SK



¡Con la energía nocilla es todo posible!

FIN

Os cesteiros


A cestería é un traballo que está desaparecendo en Galicia. Isto débese a que os cestos, que antes se utilizaban para moitas cousas, coa invención dos recipientes de plástico, que son máis baratos, xa case non se utilizan para nada, e algunhas das veces para adorno. É por iso que se compran menos e os cesteiros teñen que ter outro traballo. Só coa cestería non se pode vivir.

Un cesto faise con unhas cintas sacadas das ramas das árbores por exemplo de castaño. A madeira tea que ser moi flexible. As ramas quítaselle-la casca e fanse listas moi finiñas chamadas mastros. O mastros teñen que ser finiños e iguais. Despois móllanse para que se trencen con máis facilidade. A base é a parte máis difícil, xa que os mastros teñen que estar completamente xuntos e por iso se utiliza un mazaico. Unha vez terminada a base, os mastros téñense que seguir trenzando para forma-los lados. Por último, faise o borde cunha rama non moi grossa posta en círculo que se une ós mastros cun mastro finiño.


Existen moitas clases de cestos: culeiros, vendimos, redondos, cestas, monicos e as patelas.

As ferramentas que se utilizan para facelos son: a estada, cabalete, maza, mazaico, fouce, podiña, ferro de furar en quente e a cuña de fonda.


Irene González Alvarez 62 B



Proceso de fabricación dun cesto.




Burro e coitelo de facer as vergas os cesteiros.




19A


Rodrigo Pinheiro



Faúlsta



Javier Centeno 3A



Catalina Mayo 1C

OS NÓSOS cativos

NO ZOO

Favi


Este maio florido
tivemos unha boa cova
que a nosa directora a Madroa
teveunos de colesia a 10c
BORJA REVED

Denis

Juan

Favi

LAS EXCURSIONES



Parece muy bien que haya una excursión,
así todas nos divertiremos un montón.
Esperamos que la vayamos a recibir,
así otro año haremos una de verdad.

"Todas podremos jugar,
todas podremos cantar,
y así la catedral podremos visitar."

Parece mentira que no la hayáis hecho ya!!

Una casa tan maravillosa,

que todas podremos disfrutar.

Doña Sara, por favor, no digas que esto es increíble,

porque nos quejamos que esto es muy bonito.

Como dice don Eduardo que nos tenemos de infantecitas,

O como dice Doña María de la Cruz que estamos aparvioladas.

"Todas podremos jugar,

todas podremos cantar,

y esta excursión la podremos disfrutar."



7:3

María Cobian N° 7
Esther Corúa N° 11
Sara Guerra N° 19
Marta Iglesias N° 20
Ana López N° 26

A PROFESION EQUIVOCADA

NARRADOR: Un anxo chama á persoa que debe coidar.

ANXO: Soldado, esperta, quero amosarche algo.

SOLDADO: ¿Quen es ti?

ANXO: Xa me advertiron que preguntas só por preguntar. Son o teu anxo da garda.

SOLDADO: ¿E que ocorre? ¿Non morrería, verdade?

ANXO: Por suposto que non, véñoche falar da túa profesión, do teu traballo.

SOLDADO: Moi ben, fala.

ANXO: O teu traballo non me agrada, ¿non che dá vergoña andar por aí con uniforme de asasino? ¿Dáste conta do que estás facendo?

SOLDADO: Pois...

ANXO: Eu creo que non. ¿Que di o quinto mandamento?

SOLDADO: Non matarás.

ANXO: Pois ti estás faltando contra ese mandamento.

SOLDADO: ¿Por que?

ANXO: ¿Por que estás matando a xente, que ademais non che fixo ren?

SOLDADO: Eu son soldado para poder comer.

ANXO: Non o dubido, pero poderías buscar outro emprego. Mostrarei- che o que pasa coas persoas coma ti. Levareite ó inferno.

NARRADOR: O anxo leva o soldado ó inferno.

ANXO: ¡Demo, abre, son o anxo!

DEMO: ¿Vés de parte do tolo de alá arriba, non si?

ANXO: Non é un tolo e veño de parte de Deus, así que... ¡abre!

DEMO: Está ben, abrirei. Pero eu farei de escolta, se queredes ve-las miñas posesións.

ANXO: ¡Veña, entremos!

SOLDADO: De acordo.

DEMO: Non toquedes nada.

ANXO: Non o faremos, que nos queimariamos. Mira, ¿ves ese home? Foi un bo soldado, pero matou a moita xente, e por iso acabou aquí, ¿entendes? (Moi baixo) Danlle pedras a comer.

DEMO: ¡Puiden oírte! Ti non lle fagas caso, onte comemos pizza, e eu sei que a ti che gusta moito. (O soldado asente coa cabeza).

ANXO: ¡Déixao en paz! Ti e mailas túas tonterías e mentiras. (O demo bóttalle a lingua fóra).

SOLDADO: Imos á casa, empezo a encontrarme mal aquí neste lugar.

ANXO: Ben, ata logo, demo, e tenta portarte mellor.

DEMO: ¿Sabes a quenlle estás pedindo iso? ¡Eu son o demo!

ANXO: Levareite á casa do trasgo.

NARRADOR: O anxo leva ó soldado á casa do trasgo.

ANXO: ¡Trasgo! ¿Tes un momentíño?

TRASGO: Teño, agora vou. ¿Que queriades?

ANXO: Creo que poderías levar o meu amigo onda San Pedro.

SOLDADO: ¿Non virás comigo?

ANXO: Si, por suposto, pero eu podo ir polos meus propios medios.

TRASGO: ¿Estades preparados? ¡Ben, xa ides!

NARRADOR: O anxo e o soldado van onda San Pedro.

ANXO: ¡Bos días, San! Podes amosarlle ó meu amigo o que está ocorrendo nos países en guerra, coas xentes indefensas?

SAN PEDRO: Podería, pero non atopo os meus anteollos.

ANXO: ¡Aiii...! ¿Que cabeza, San! Están diante túa.

SAN PEDRO: Oh, perdón, imos ver, entón. (Pon os anteollos). Xa está. Mirade, hai persoas que, sendo inocentes, sofren as consecuencias da guerra. Mentres, todos estades tan tranquilos nas vosas casas sen facer nada por parar esta inxustiza, aunque vos pareza unha barbaridade. ¿Séguesme? (Asente coa cabeza). (Sobre o fondo do escenario proxéctanse imaxes de guerra, desfiles, mortos, choros, feridos...)

Pois queriamos que vós, os soldados, tentades remedial.
 E ti e-lo elixido para empezar esta urxente tarefa.
 ANXO: Ben, terás que marcharte. Pensa no que che ensinamos.
 SOLDADO: Ata pronto, tentarei poñer en práctica todo isto.
 ANXO: ¡Trasgo! ¿Podes levalo de volta á súa casa?
 TRASGO: Por suposto. ¿Preparado? Imos logo.

Iria Fernández Peón.
 María Gil Martínez.

Valeria Natalia López.
 Paula Gonzáles López.

TEST DE REFLEXOS MENTAIS.

- 1.- No Pólo Norte asómome á fiestra. ¿Que ves?
- 2.- ¿Cantos animais meteu Moisés na Arca?
- 3.- Teño unha vela e un candil. ¿Que acendo antes?
- 4.- Se hai tres mazás e collo dúas, ¿cantas teño?
- 5.- Algúns meses teñen 30 días. ¿Cantos teñen 28?
- 6.- Estás no deserto e ves auga, ¿de que cor é?
- 7.- ¿Como se chama a clara de ovo?
- 8.- Se un home vive en Barcelona, ¿pódese enterrar en Pontevedra?
- 9.- ¿Quen matou a Caín?
- 10.- ¿Podo casar coa irmá da miña viúva?
- 11.- Un galo pon un ovo nos Pirineos. ¿Para onde cae o ovo?
- 12.- Un avión estrélase na fronteira España-Italia. ¿Por onde pasan as ambulancias?
- 13.- ¿Que se necesita para abrir unha porta?
- 14.- Pola ventá dun iglú ves pasar un oso. ¿De que color é?
- 15.- Un neno nace en Barcelona, ós 8 meses vai a Madrid. ¿Onde lle nacen os dentes?
- 16.- Nace un negro, ¿de que cor tan os dentes?
- 17.- ¿Que fan 12 gatos nun tellado nunha noite de inverno?
- 18.- ¿Como se chama a capital de USA, New York ou Nova Iorque?
- 19.- ¿Cal é o irmán de meu irmán que non é meu irmán?
- 20.- Nunha mesa hai 5 moscas. Mato unha. ¿Cantas quedan?

VALORACIÓN: Escala de respostas.

De 0 a 2: Es mongol.
 De 3 a 5: Es subnormal.
 De 6 a 8: Es analfabeto.
 De 9 a 12: Es normal.

De 12 a 15: Es intelixente.
 De 16 a 17: Es chapón.
 De 18 a 20: Es Supercomputadora.

PABLO GULÍN. 8°C.

- 14.- Os iglús non teñen ventás
- 15.- Na boca.
- 16.- Nacen sen dentes.
- 17.- Unha dueta.
- 18.- Washington.
- 19.- Son eu.
- 20.- Unha, as demais escapan.

- 1.- Nada, asómome eu.
- 2.- Ningun, foi Noé.
- 3.- O misto.
- 4.- Dúas.
- 5.- Todos.
- 6.- E incolora.
- 7.- Clara.
- 8.- Non, está vivo.
- 9.- Ninguen, que se saiba.
- 10.- Non, porque estou morto.
- 11.- Para ningún, o galo non pon.
- 12.- Non existe esa fronteira.
- 13.- Que esta pechada.

RESPOSTAS O TEST:

MARIA VICTORIA MORENO

Os días 16 e 30 de Abril, veu dar un a charla M^a Victoria Moreno, unha muller moi activa e agradable. O profesor Eduardo fixo unha breve presentación pero en seguida pasoulle a palabra a M^a Victoria Moreno.

A tarde dividiuse en dúas partes: Unha para falar sobre "Pan con chocolate" e a outra para falar de "Leonardo e os fontaneiros".

Fixémoslle varias preguntas, como por exemplo:

¿Sabe linguaxe xitana(ou caló)ou son palabras que coñece só de oíllas?

-Nin a sei,nin as coñezo.Foi un traballo longo,pois tiven que buscalas nun diccionario escrito en"Caló - Castelán".

¿Ten relación co mundo xitano?

Non,non tiven esa oportunidade.

¿Escribiu "Pan con Chocolate" coma un sinal antirracista?

-Si,porque existen moitas marxinacións na vida cotiá.

¿En que se baseou para escribir "Pan con Chocolate"?

-Na discriminación feita polos "payos" hacia os xitanos.

VOCABULARIO DE PAN CON CHOCOLATE

Adonay=Manolo

Calochí=corazón

¡Orí!=hola

Jindama=medo

Bijuca=barrio

Alipí=aseada

Bachano=Sebastián

Chipicálli=caló, lingua xitana

Armensallé=libro

Pesquibén=ilusión

Custañí=pomba

Nacardar=estudiar

Chibel=día

Chalachí=hortelá

Brijinda=Choiva

Tarachi=noite

Pañiborí=enxurrada

Bielima=bágoa

Calisén=morte

Chamuchi=verdade

¿En que se inspirou para escribir "Leonardo e os fontaneiros"?

-Na observación da vida,pero con matices fantásticos.

¿Cómo se lle ocorreu que Antón mexase por enriba dos gatos?

-Porque os nenos,cando son pequenos ou mozos,mexan por todo,todo e solucionan mexando.

¿Por que decidiu que morrese a Galiña?

-Para sacarlle a súa maldade, e que a morte apuxera coma unha persoa boa.

O dos ratos, ¿é real?

-Non, somentes unha das fantasías do texto.

Polo medio de estas xurdiron outras sobre a súa vida, por exemplo:

¿Ten algún escritor favorito?

-Cervantes por "El Quijote", co que teño unha deuda de ano en ano; como contemporáneos Miguel Angel Asturias e Camilo José Cela na súa época de esplendor.

¿Como non sendo galega escribe e fala (con desenvolvemento) en galego?

-Porque vivo en Galicia, sintome galega e, polo tanto, paréceme o máis lóxico.

¿Gustaríalle que os seus achegados fosen escritores?

-Si, pero non é posible.

Que lle gusta máis: ¿escribir para nenos ou para maiores?

-Para nenos, son máis doces e interesámosiles máis.

¿Escribe só prosa ou tamén verso?

-Escribo a poesía para facer logo a prosa, pero non a público, son cousas moi persoais.


Tamén entre risa e risa fíxonos unha confesión:

A trasnada da cisterna de Dña. Rulos fixérona ela e mailas súas compañeiras de bacharelato, pero non lles ocorreu nada porque tiveran sempre moi boas notas. Elas prometeron non voltar a facelo e, incluso, a M^a Victoria Moreno déronlle un "premio especial" polos bos estudos alí feitos.

As outras non o tiveron, pero de seguro que o merecían.


Por último, tocou a s'rea e ela firmou gustosa varios autógrafos. Un deles é este:

*O collexio de Eacupa Loupa é unha maravilla,
tanto polos rapas como polos profesors,
que os fan ler para obrille-las a elas
a seu mundo mellor.*



Só nos queda dicir: "Graciñas, M^a Victoria"

Ah, olvidábaseme: Como non, cando ía marchar o día da 2^a charla, un neno entregoulle ese ben merecido ramo. Foi unha despedida de aplausos calurosos e cheos de amizade.




VERÓNICA DOMÍNGUEZ ALONSO /
/ 7^a A
SANDRA VALIÑAS JAR /



"Os campos do colexio "

É un dos temas que máis lle interesan ós rapaces do Centro. Despois da inxusticia do recorte do patio do colexio que fixo o concello, o colexio está pasando grandes dificultades, posto que somos 730 alumnos no centro, e non cabemos ben no patio.

A cousa empezou por aquel Nadal do 1991... ¡...! Ían facer unhas "pistas de tenis de élite ". Rapidamente o colexio reaccionou con folgas, manifestacións e non deixando traballar ós obreiros etc. A cousa non se solucionou ata agora. Hoxe en día estanse facendo unhas piscinas municipais, pero o colexio vive coas esperanzas de que as pistas sexan nosas. Agora só queda por dicir que o colexio disfrute de boas condicións deportivas que, a xeración que marcha, os de oitavo non disfrutamos.



reescolar disfrázase no "cole"



No te suicides

droga



te necesitamos

calmbieri

para

el planeta

Adrián LORENTE

RETAZOS DE LOS DEBATES DE F. RELIGIOSA

DOCE EMPRESAS
 HAN APOYADO LA
 LA CÁMARA DE
 LA CÁMARA DE
 LA CÁMARA DE
 LA CÁMARA DE
 LA CÁMARA DE
 LA CÁMARA DE

Negociantes oportunistas hacen su agosto a costa del dolor de los enfermos





Intercambio. Desde que se lanzó la campaña del loro rojo, negociantes astutos venden opios con ex-droga.

Algunos enfermos han llegado a pagar dos millones de pesetas por someterse a una cura milagrosa en Ecuador

SIDA/Invasión de tratamientos 'milagrosos'

Un paciente pagó un millón de pesetas a una organización por un tratamiento por el estado terminal



Duradero. Elías García mantiene en secreto su fórmula mágica y solo pide que el paciente tenga buena dentadura.

Marta MILLEIRO 893

El Parlamento gallego aprobó unas nuevas
vitaminas para Carlos del Río

Doña María Teresa puso Al menos,

12 "ceros" a Acuña por instalar
panaderías en las playas

Don Juan de Borbón gana la Vuelta Ciclista
a España

Acuña compra Una BICICLETA DE MONTAÑA



Carlos del Río Se desmaya

cuando LE cae UNA PLUMA
en la cabeza

Y TODOS LOS PROFESORES.

Profesora M^a Carmen D. → "Viéndonos"

Profesora Sara → Cifras y Letras

Profesora M^a Jesús → A medio día... ¡Alegria!

Profesor Luis → Estudio Estadio

Profesora M^a Carmen C. → O Agro

Profesora Manolita → ¡Hola Rafaela!

Profesor Balsa → National Geografiq

Profesor Eduardo → Dalle a galega

Profesora M^a Teresa → Informe Semanal

Profesor José Antonio → ¿quien sabe donde?

Profesora Beatriz → Con las manos en la masa

Profesora Teresa II → Terminitor II

José Luis Bernal ni

Pablo Lid Casalderray

Miguel condón Lopez

Ramón Diaz ni

7:A

8^oA

Miguel A. Cortegoso

Alexandre Blanco

Luis Balsa

David Barro

Juan J. Alonso

Señal Perdeira

8^oA

Santiago.

O tres de Xuño ás nove menos cuarto da mañ. chegamos todos inquedaos ó Colexio. Tiñamos unha razo xa excursión!, a primeira excursión que faciamos na E.X.B. O chegar ó Colexio déronnos uns panos fosforitos que por onde pasabamos dábanos-lo cante.

Leváronnos cara ós autobuses, ás nove en punto da mañá e a nosa mestra era Dña Rosa.

No transcurso da viaxe, cantabamos e pasabámolo moi ben, íamos todos moi ledos. O chegar a Santiago de Compostela fomos visita-la Facultade de Química e observamos numerosos animais disecados, entre eles estaba unha gran tartaruga e unha momia do xefe dunha tribu, tamén había unha fermosa exposición de minerais. O sair da Facultade fomos á praza do Obradoiro para entrar na catedral e escoita-la misa do Peregrino ás doce. Alí atopamos milleiros de persoas, entre elas atopábase un vello Peregrino procedente de Francia contounos que xa era a novena vez que viña camiñando desde Francia. O remate da cerimonia puxeron en movemento o Botafumeiro e saímos pola porta Santa.

Fomos comer á Alameda de Santa Susana; unha fermosa paisaxe!, ó remata-la comida fomos camiñando ata o museo do Pobo Galego, onde observamos variados obxectos significativos de Galicia, entre eles un tear, un arado, unha maqueta dun poboamento é dicir dunha aldea galega, pallozas, etc..

A continuación fomos a Santo Domingo de Bonaval,

o xanxo en cruces galegas, e máis os que atopaban Rosalía de Castro e Castelao, neste mesmo lugar había unha exposición de arte contemporánea.

O remate desta última visita, aínda tivemos unha hora para percorrer a cidade. O punto de encontro era a praza do Obradoiro. O transcurso da hora pasámolo moi ben, e final fomos cara ós autobuses e dirixímonos ó monte do Gozo, pero non puidemos parar, xa que era moi tarde.

Volvemos a Pontevedra cantando e pasándoo moi ben, e sentindo pena de que xa chegara a fin do día.

Marta Blanco Guerrero Nº 15 } 7º A
Dorna Beloso Coucedo Nº 10 }

Resume do Entroido

Como tódolos anos no colexio Campolongo, celebrouse a festa do entroido na discoteca EQUUS. Acompañáronnos os mestres. Ó chegar á discoteca na porta a xente empuxábase para entrar.

Os nenos ó entrar recibían das mans dun paiño unha bolsa chea de caramelos. Os nenos empezaban a recorrer-la discoteca para busca-lo seus amigos. Había moitos nenos disfrazados, entre eles os nenos de 1º, 2º e 3º que fixeron eles mesmos os traxes. Moitos nenos levaban serpentinas e sprais e daban sustos uns ós outros.

Logo puxeron música e os nenos saíron á pista de baile a bailar. Despois moitas das mestras colleron ós seus alumnos e bailaron con eles alegremente. Tamén coas entradas viñan uns papeliños cuns números, cos que sorteaban moitos premios a cada un dos cursos.

Redactado por : David Cordero Placer de 5º A

Diego Ortega Moreira de 5º A

La chegou o Antrodo^{eee} :



PREESCOLAR



3º A

Pontevedra Club de Fútbol

Esta cidade con historia, non podía faltar un bo equipo de fútbol. Desde o que acordamos nós (que non é moito), ata os tempos que acordan os nosos avós, aqueles si eran tempos; onde o equipo tiña tanta afición coma calquera equipo grande, e onde a xente dicía "Hai que rolo".

Daquelas xornadas onde o triunfo era unha festa para todos os pobos e aldeás que estaban preto e lonxe da cidade, e que viñan a Pasaron a presenciar o xogo daquel esperanzador equipo, Gato, Cholo Sanmartín, Estévez, Roblán, Rajo, Trujillo, Martín-Esperanza, Rebeca, Ferradás e co entrenador Cuqui Bienevas; que intentaban gañar, na primeira división, ós equipos maiores, e intentar conseguir o título de gañador, onde gañaron a primeira temporada, pero non a Liga.

Agora, nas aldeas do redor, hai en cada unha un equipo que vai tirando, e a xente anímao, e xa non asiste ó Pontevedra, que vai de mal en peor por non ter unha boa entrada.


A xente non se preocupa por isto, e máis tarde vai se arrepentir, porque un equipo coma este é historia da boa.

Intentemos axudar, a recuperar todo o que debe, e que a os xogadores gustaríalle moito, por iso xogan coa ilusión de recupera-lo mal perdido, para que eles axudemos.

Eva Esperón Rodríguez
Marta Blanco Guerrero
María Córdoba Otero
María Amo Cortizo
Sandra Valiñas Jar



Barbara Carballo Fernández
Dorna Beliso Bouceido
Sara Ares Blanco
Susana Alvarez Sánchez

1º A



ERAN AS DOCE DA MAÑÁ.

O RELOXO NON SONARA PORQUE XOAQUIN...



CONFUNDIN O VIÑO CO VINA GRE.

A ENSALADA PUXENLLE AZULAR.

A TORTILLA TEN PIMENTA, E... O POLO ESTÁ CRUDO



¡IEU HORRO!

ASA O TEMPO, E...

- 1) ¿É este o seu primeiro ano no centro?
Si.
- 2) ¿Como o leva?
Moi ben, atópome satisfeita.
- 3) ¿Que pensa dos alumnos?
Que coma en tódolos centros hai alumnos bos e outros máis incordiantes, pero en xeral, ben.
- 4) ¿Ten moita paciencia con eles?
Trato de tela.
- 5) ¿Que relación leva cos outros mestres?
Satisfactoria.
- 6) ¿Gustaríalle cambiar de colexio?
Non, aquí atópome moi ben.
- 7) ¿Que opina sobre as obras de patio?
Como son nova aquí, non coñezo ben ese problema, pero coído que se eran do centro os terreos non deberan quitarllos porque os rapaces no recreo non teñen espacio para xogar. Segundo teño entendido, ese problema vai resolverse pronto.
- 8) ¿Pensa quedarse por moito tempo neste centro?
Se Deus o permite, ata que me xubile.
- 9) ¿Como é vostede como mestra?
Iso tédelo que dicir vós. Eu procuro ser unha boa profesional respetando ós alumnos e esperando que eles me respeten.
- 10) ¿Que lle parece a idea do esperpento?
Estupenda. O ideal sería que saíra dúas ou tres veces ó ano para que os rapaces que así o quixeran puidesen escribi-las súas preocupacións, traballos, conmemoracións, etc.

Paula Blanco - María Coresaña 72 A

INVASIÓN DA CULTURA

Seis profesores,
Seis explotadores,
Nós os traballadores,
Eles os grandes señores.

Manolita Ecuación,
Balea Napoleón,
Luis Flexión,
¡Que gran tostón.!

Eduardo Galegnización,
Beatriz Conxunción,
Teresa Santificación,
¡Que gran mortificación!


A pesar destes temores,
E estes profesores,
Somos gañadores,
"SÓMO-LOS M E L L O R E S"

Paula Cantero
Belén Bugallo
Iria Carballeira
Susana Chico

Isabel Balchada
Xisela Nogueira
Lucía Barreiro
Esther Arjona

82A

Tirar los papeles a la papeleras.




RECICLAR


Reciclar residuos para el medio ambiente.



Reproducir los botones




LA TIERRA SIEMPRE VERDE Y LIMPIA CON TU COLABORACIÓN



¿SI NO COLABORAS? ¿Se va a acabar el mundo? Adiziana Del Garcia Ibarra


No verter residuos.



No llevar residuos que contaminen el agua.



No coleccionar los botones si después no los reciclas.



! Hola! Soy un alumno de 5ºB. Quiero protestar por como dejamos el patio de Colegio.

Es una vergüenza lo sucio que está. Por todos los sitios ves bolsas de leche, golosinas congeladas, chicles, bolsas de comida, etc. Hay bastantes papeleras y no las utilizamos. No son sólo cuatro rifas, somos todo el colegio.

Me despido animadísimo a que utilicemos las papeleras un poco más.

Rafael Iglesias Ontivero.



Cosas que tú puedes hacer para salvar la naturaleza.

Los Plásticos de los refrescos oórtalos para que al llegar al mar no ahoguen a los peces ni a los pájaros.

Utiliza el papel reciclado, vale la pena. No uses más agua de la necesaria en tu aseo diario.

Planta un árbol para crear más oxígeno y reducir el efecto invernadero.

Acostúmbrate a no tirar las pilas. Sigue utilizando las bicicletas, es el mejor medio de transporte.

!Ánimo, podemos salvar la Tierra!

Rubén y Héctor 5ºB

~ Tzozos de papel ~

Cuatro esquinas, solo cuatro
cuatro tienen los patuelos.

Esbeltos e indiferentes
reszuados y bincetos.

De tela papel o raso,
¿te parecen tan pequeños?

Son unos grandes soldados;
en su caja bien dispuestos.


Bien planchados y elegantes
se muestran caballerosos.

Muchos grazios y hasta otras/
vocabulario selecto.

Estas figuras piensan:
¿qué tienen el mundo entero!

Lucara Clara Tuñón Romero

ex-alumna



A FESTA DO ENTROIDO


Em Fevereiro do ano 1.993 celebrouse
"Uma gran marcha" na que asistiren
casi seiscentos nenos. Na discoteca "EQUIS",
estivemos desde as 16:30 ata as 19:30.

Na discoteca tivemos unha bolalía chra
de caramelos, foi un aguallo da A.P.A.
Houbo nenos/as que foron disprartados de
moitos cursos, nos que somos de 5ª A fomos
disprartados de: cabaretera, rockero, parbo,
carroacal, meiga, Xulio César, demo, bonaca,
galácticas etc...

Pacámoslo moi ben, xogamos, cantamos e sobre
tudo bailamos.

Deumos moita mágoa marchar para a casa.

Ana Castro. Julia Dorral 5ª A



Defende a natureza

SONETO

No hay cosa en la Tierra que más me espante
 que el mundo contamine el medio ambiente
 porque todo es por culpa de la gente
 que destruye todo lo que hay delante.

Si todos quieren un mundo brillante:
 ¿Por qué no lo cuidan eternamente
 y todos lo tratan amablemente
 en vez de ser siempre poco elegante?

La gente tiene mucha hipocresía:
 ¡dice que cuida la naturaleza!
 si esto fuera cierto, el mundo estará
 sin contaminación: ¡uaya rareza!
 Que el mundo es hogar de la compañía
 y tenemos que cuidar su belleza.



Lara - Elena
 Laura - Maria
 Beatriz - Paula


Marea negra

O impacto dunha marea negra sobre o medio ambiente non se pode eliminar completamente. Aínda que desapareza o impacto visual, o ecolóxico permanece durante moitos anos.

En Galicia xa tivémo-la experiencia de varios petroleiros que embarcaron na ría, como poden se-lo Urquiola ou o Mar Exeo. O Mar Exeo é o máis recente. Oitenta mil toneladas de cru recorren 100 Km. da costa galega. No ano 1976 foi o Urquiola, 100000 toneladas de cru cubriron a ría e aínda non se recuperou a súa beleza.

Pero non só as mareas negras contaminan, e ti non te das conta. Por exemplo: os papeis que tiramos ó chan, as industrias etc., son cousas que podemos evitar e así mellora-lo medio ambiente.

"A terra é o fogar do home" !Cuidado!! Non a destrúas!
Ana María Otero - Concepción Ucha - Cristina Palmeiro 8º C



O P E S C A D O R


Un vello pescador
vai co seu neto pescar,
nunha tarde luminosa
o sol comenza a queimar.

! Non quentes tanto, solíño!
! Non quentes tanto, meu sol!
Que eu xa vou para vello
e teño moita calor.

O meu neto xa agora
quere ser bo pescador,
pero eu dígolle:
Netiño, espera a ser máis maior.

Ma Eslava Nodar. | 7º Δ
Susana Cimadevila

Complete the crossword
with the part of the
given verbs:



Find the animals.

DOG CAT BIRD W
 OSS SBUACOW B
 NONRIGORWRWU
 KPWAIBISRL
 EEIPKGINFSL
 YLEBETRIGL
 MONKEY ZICHR


Complete the words:

G _ _ E
 U N D _ _ _ _ D
 L _ _ _ E
 C _ _ _ _
 W _ _ _ _
 F O _ _ _
 O R _ _ _
 _ U R _ _
 O R _ _ M
 B _ _ _ _
 S _ _ _ D
 K _ _ _
 F _ _ _
 _ U _ _ D
 _ R _ _ S

Nº 9 Marcos Suarez
 Nº 6 Jorge Amos Riol
 Nº 1 Jorge Alaba
 Nº 2 Ivan Alonso

FINIS SECUNDARIE SCHOLE

| | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R | T | A | B | L | E | P | V | B | O | O | T | I | | | |
| I | R | L | O | H | F | Y | O | L | N | J | U | L | H | S | |
| S | R | A | P | O | O | K | T | P | M | H | L | N | S | P | A |
| P | A | B | F | K | V | I | H | G | D | L | N | S | A | | E |
| E | D | R | T | H | I | L | A | B | I | K | F | T | O | | O |
| N | N | O | P | E | C | G | F | U | R | E | D | Y | I | | L |
| C | T | U | V | E | B | U | G | P | I | Y | R | D | E | | C |
| L | Y | U | G | D | N | D | I | P | L | H | J | B | | | M |
| I | F | F | V | I | P | C | V | E | G | T | O | P | C | E | I |
| C | V | Y | J | L | P | O | E | G | J | I | Y | E | A | C | P |
| N | D | Y | U | F | G | J | K | R | N | F | T | U | A | C | L |
| D | F | H | J | F | E | R | O | P | N | L | F | S | Q | M | D |
| P | L | G | Y | I | P | Y | J | L | F | M | S | S | R | P | Y |
| F | S | R | G | T | V | G | C | C | D | A | W | Q | T | A | P |
| A | R | T | U | D | A | Q | E | Y | L | L | V | Q | S | S | P |
| E | T | L | A | E | J | I | O | S | G | V | A | S | Z | S | L |





Bailarina:
m^o Jesús 7

HAda:
Manolita 8

Mariposa:
Merisol 6^o
1

Payaso:
Luis 4^o

O Demo:
Eduardo 7^o

Caballera:
m^o Teresa

Aynhoa Paz
Sabela Dou
Laura Rodri
Beite Wázar
Woe Rodrig
7^o C

Fiesta en Londres por el nacimiento de una niña después de 5 años en España sin nacer nadie. Este hijo es de la Profesora m^o del Carme el padrino será Carlos de Inglaterra.

"ADEUS -"

No medio do silencio da miña agonía
caen os pétalos marchados da lúa
laterando debilmente na mentira dos seus ollos negros.

Iluminase o aire cos diamantes de lume
que me cravan pingas de cristal nos beizos,
e as verbas velenosas morren afogadas
no mar de xelo flamíxero oculto baixo as miñas bágoas.

Deitada na anguria das perlas adbecidas
morría, deitada agardando nun leito de unllas
molladas polos remidas da noite perenne.

Morría nos seus brazos sedosos
ardendo desfeita en mil anacos de rosa vermella,
ardendo nos soños nus, sen miradas atravesando a tormenta,
e seguía ardendo na fogueira espiñenta do seu adeus.

(Premio "Minerva" de poesía)

Elena de Pedro Gil
ex-alumna

A D E U S . . .

A fin do curso chegou
e os exames terminaron.
¡Por fin podemos dicir
que xa chegou o verán!
¿E os de oitavo?
¿A onde van?
¿A onde van os de oitavo?
¿Vanse tristes ou contentos?
¿Vanse ledos ou calados?
Vanse todos, van correndo
ó Instituto ou Politécnico,
fábricas de parados.

¡Adeus, radicais, ecuacións, adeus,
[xe ó cadrado!
¡Adeus, rochas, minerías, verémonos
[para o ano!
¡Adeus, frases e sintagmas!
¡Goodbye, school, adeus!
¡Adeus, ríos; adeus, fontes!
¡Adeus, escola querida!
Marchámonos con tristeza
a outro punto de partida.

¡Adeus, Guerra Civil, Napoleón,
[Azaña e Madariaga!
¡Sede bos amigos nosos e non nos,
[deades máis a vara.

ALUMNAS DE 8º B.


iii El colegio se vuelve loco...

... y la tele también!!!

| | |
|--|---|
| Todo por la pasta | Los "atravidos de turno" |
| Tiempo de creer | Clase de religión |
| Los ladrones van a la oficina | Robos en el cole |
| La boca del lobo | Los debates de Dña. M ^{ra} del Carmen Du |
| Quicidos Padres | Hora de visita del Lunes (A.P.H.) |
| Menos Lobos | "Maulitis" con el profesor Luis |
| Queremos saber | Pregundo por las notas |
| Mujeres al borde de un ataque de nervios | Las profesoras de la FETOPA. |
| De tú a tú | Hablando con los profes |
| La máquina de la verdad | La hora de preguntar la elección |
| La batalla de las estrellas | Claustro de profesores |
| ¿Quién sabe donde? | Ex-alumnos |
| Aquellas maravillosos años | Tus primeros cursos de E.G.O. |
| A mediodía... ¡alegría! | La hora de salir. ¡Yupi! |
| Chicho Terremota | Los de parvulitas |
| Código uno, cosas sin resolver | Las piscinas, pistas. |
| Mesa de redacción | Elección de la jornada única |
| Su media naranja | Los Balsa |
| La merienda | La noche del colegio |
| Sensación de Vivir | Los pijitos de turno |
| El precio justo | ii.. A jugar... al recreo!! |

Sandra Valiñas Jax
María Blanco Guerrero
Bárbara Corballo Fernández
Eva Esperón Rodríguez
Sara Ares Blanco
Dorna Beloso Toucedo
Susana Álvarez Sánchez
María Córdoba Otero
María Amo Cortizo

Fº D





PASATIEMPOS



SOPA DE LETRAS: BUSCA LOS NOMBRES DE COSAS QUE HAYAN EN UNA HABITACION.

Busca: caballo, cava, silla, muñeca, balón, ventana, papel, zapato, botas, mesa, lápiz, cama, coche, puerta, cristal, corno, cajón, etc.



Xacobe



ADIVINANZAS

Una puerta
dos ventanas
dos luceros
una plaza.

(La casa)

Soy palomita
blanca y negra,
vuelo sin alas,
hablo sin lengua.

(El piojo)

¿Qué es lo
que todos toman
y nadie roba?

(El aire)

ESTER ROQUEZ S. 5º C

CHISTES

¿Sabéis cual es el colmo de los colmos? que un mudo le diga a un sordo que el ciego le está espiando

José Costal Camiña 3º A


¿Qué es lo primero que hace una vaca cuando sale al sol? sombra

¿Dónde esconden una oveja para que nadie la vea? En un rebaño

Que hay siempre en medio del mar? La letra a.

Que tiene los rayos en la mano? El verano

Adrián Loureiro Rodríguez 2º A



DESPEIDIDA

Xa son dez anos, dez anos neste colexio, dez anos pasados rápido, dez anos nos que medramos e aprendemos. Dez anos pasándoo mal e ben. Vivimos nunha segunda familia, cinco horas ó día e cinco días a semana, rodeados de xente da nosa idade disfrutando e tamén insultándonos; saéronnos saíndos xuntos, aprendemos a ler xuntos, maduramos xuntos e compartimos e coídamo-lo colexio querido e odiado, porque... ¿Quen non pintou na parede o seu nome ou insultou a algún dos nosos mestres, que con toda a vontade nos aguantaron durante máis de 8 meses ó ano, rompendo a súa cabeza, e loitando contra a nosa teimosía de rapaces novos e inquedos? Inda que ás veces quixemos pelexar entre nós, todos sabemos que tódolos anos que pasamos xuntos fixémo-lo posible por estar unidos e cando algún deixaba o colexio sabiamos que o íamos botar moito de mezas.

Este ano deixámo-lo colexio coa ilusión de empezar unha nova vida chea de novos descubrimentos, unha nova vida coma a que comezamos o día que chegamos a preescolar da man dos nosos pais; agora xa todo quedou no recordo das catro paredes de 8 aulas de EXB.

Adeus ós paxaros da árbore que mirabamos a través da fiestra, adeus ós nosos pupitres, adeus ós nosos compañeiros que seguirán estando na nosa vida, a todos eles ¡Deixa logo!

A GERMAN, NUESTRO DIRECTOR

Compañero, trabajador diligente
empeñado en "servir" a los demás.

Te has gastado, sin importarle a la gente,
en tareas de enseñar y organizar.

Esa inquietud en quien descansamos,
labor callada, sin pausa
que se debiera premiar.

Con nuestros buenos recuerdos
y tu recuperada salud,
larga vida entre los tuyos;
memoria agradecida
de esta Comunidad Escolar.



A DESPEDIDA

Primeiro,
Segundo,
Terceiro,
Oitavo quedará valeiro.

Despois das vacacións,
Un novo curso virá,
Pero no noso corazón,
O colexio quedará.

Sorrisas e bagoas,
Aprobar ou suspender,
Pero por enriba de todo,
O importante "APRENDER"

Neste curso de oitavo,
Nestes anos pasados,
Con moita mágoa,
A despedida atopamos.

8º A.

Raola C.M.

Mª Belén B.B.

Susana Chico

Xisela N.A.

Isabel B.B.

Iria C.V.

Lucía B.G.

Con la con-
taportada
hay cuatro
scudos
que quieren
representar
el Barrio
de Campolongo
¿Cuál eligirías
?

ES PERDIDO




ES PERDIDO



Alberto Bugallo Fernández

6º A

CAMPOLONGO 75




CAMPOLONGO 93

ESCALON


4°C

Jacobo J.




6°C

Rubén Trujillo



4°C

B



6°C

René